

EU SON ORNITÓLOGA

RODRÍGUEZ PIÑEIRO, JESSICA

CEIP Plurilingüe de Cedeira

1. Introducción

A observación atenta e pausada é unha práctica pouco frecuente nas nosas escolas porque levamos un ritmo demasiado frenético como para pararnos en pequenos detalles. O mesmo ocorre co contacto do alumnado coa contorna exterior. Este proxecto de aprendizaxe é unha oda á importancia de gozar da contorna de Cedeira en Redondela, en concreto das aves, recoñecelas, observalas, coñecer as súas formas de vida, a necesidade da súa existencia no ecosistema como camiño cara ao respecto e coidado das mesmas.

O obxectivo de estudo foi achegar ao alumnado ao coñecemento das aves e da súa contorna.

2. Fundamentación teórica e metodolóxica

No ensino das ciencias preténdese innovar xa que a metodoloxía tradicional non axuda a que exista unha alfabetización científica (Sanmartí e Márquez, 2017) acorde coas necesidades da cidadanía na actualidade. Tal e como se indica nos ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible), a ciencia é fundamental para a consecución dun mundo máis sostible, igualitario, xusto, saudable... Precísanse métodos para traballar as ciencias na escola que permitan ao alumnado resolver problemas contextualizados no mundo real.

En palabras de Pujol (2007) unha educación científica debe perseguir a aprendizaxe de aqueles procesos e actitudes que están en base ao “facer” da ciencia, como a observación, clasificación, identificación, establecer relacións, formular preguntas, comunicar, predicir e inferir, experimentar e interpretar datos entre outra.

O ensino por proxectos abre interesantes posibilidades para a aprendizaxe do alumnado na escola. Os proxectos permiten ás e aos estudantes actuar como pequenos investigadores e pequenas investigadoras no mundo en que viven e mellora as súas habilidades para procesos como a formulación de hipóteses, a observación, a experimentación, o estudo de campo, a documentación e a reconstrución sistemática das súas ideas sobre un tema... (Harlen, 1998; Tobón, 2006).

Todo proxecto e aprendizaxe non sería posible sen o traballo cooperativo en gran grupo e en grupos pequenos, tendo en conta a importancia do diálogo, as interaccións, as tomas de decisións, os acordos tomados, a axuda mutua e todos aqueles aspectos que fan posible a atención á diversidade da aula. Sendo a linguaxe o vehículo necesario para achegarnos á información e ao coñecemento.

Neste proxecto ornitolóxico foi fundamental a experimentación directa e investigación por parte do alumnado, a través da súa curiosidade, as súas ganas de coñecer e saber máis. O alumnado realizará observacións, comparacións, busca de relacións, interpretación de datos tendo en conta o achegamento ao método científico.

3. Experiencia na aula de Primaria

Esta experiencia enmárcase no Ceip plurilingüe de Cedeira en Redondela, nun grupo de 15 alumnos e alumnas de segundo de primaria na área de ciencias naturais durante o primeiro trimestre.

O proxecto iníciase coa saída ao noso patio escolar e o achado de plumas. Despois de recollelas e observalas tentamos achar como é o animal que pode ter ese tipo de plumaxe. En interacción co grupo comunicamos as nosas ideas e iniciamos unha conversa acerca das aves e as súas características. A partir das súas pregunta e curiosidades queda iniciado este proxecto no que agora será a quenda da mestra para enfocalo e derivalo cara uns obxectivos que permitan achegarse ao modelo de ser vivo.

Os nosos obxectivos son os seguintes:

- Investigar acerca das características morfolóxicas das aves, tipoloxía, hábitat e formas derelacionarse.
- Recoñecer e identificar aves atendendo aos súas principais características.
- Valorar as aves existentes en Galicia e recoñecer aquelas que rodean o noso centro.
- Apreciar o labor que realizan os ornitólogos e ornitólogas na conservación e coidado das aves.
- Crear un modelo de ser vivo en interacción coas especies.

Días despois ábrese unha nova vía coa construción dunha personaxe con material de refugallo. Cada grupo recibe unhas instrucións que debe interpretar para crear á súa personaxe. Esta personaxe é ornitóloga. Non saben o que significa e voltamos a conversar acerca desta palabra descoñecida e a súa relación co achado de plumas días anteriores.

En todo proxecto de traballo hai unha fase imprescindible que forma parte da avaliación inicial e que consiste na detección de ideas previas, aínda que durante todo o proxecto o alumnado deixará patente as súas preconcepcións é imprescindible analízalas para enfocar o proceso de ensino e aprendizaxe dun xeito axeitado.

O proxecto continúa a través de observacións, comparacións, saídas de campo con recollida de datos, debuxo científico, xogos e construcións. O proxecto péchase coa creación dun glosario ornitolóxico. Durante todo o proceso realizamos avaliación formativa.

4. Conclusións

Este proxecto partiu dun interese por parte do noso alumnado que dubidaba e quería saber máis. Con esta motivación conseguimos afrontar os procesos de ensino e de aprendizaxe de xeito sólido. Foméntase a colaboración, cooperación, descubrimento e investigación. Os proxectos nunca se acaban, mentres o alumnado siga con ganas de continuar aprendendo e informándose.

O que caracteriza á actividade científica non é a existencia dun método científico único e universal senón a busca de estratexias para responder as preguntas que se formulan para coñecer o mundo. (Pujol, 2007)

5. Referencias

- Harlen, W. (1998). *Enseñanza y aprendizaje de las ciencias*. Morata.
- Pujol, R. (2007). *Didáctica de las ciencias en la educación primaria*. Síntesis educación.
- Sanmartí, N. e Márquez, C. (2017). Aprendizaje de las ciencias basado en proyectos: del contexto a la acción, *Ápice. Revista de educación Científica*, 1(1), 3-16.
- Tobón, S. (2006). *Método de trabajo por proyectos*. Uninet